



NARÓN

## CONCELLO DE NARÓN

### Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central - MCCM		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2024/86	GOB18I00YH	
<div>6G2P 2X0V 6A6E 515T 0KOP</div>		

### ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA DEZ DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

<b>SRES/AS ASISTENTES:</b>  <b><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u></b> D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ  <b><u>SRES/AS CONCELLEIROS/AS:</u></b> TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE  <b><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u></b> D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MENDEZ  <b><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u></b> D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do dez de outubro de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, o Secretario Xeral.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
--	---

#### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

A Xunta de Goberno Local, por asentemento, deulle a súa aprobación..

#### **2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE LIQUIDACIÓN Á UNIVERSIDADE DE A CORUÑA AXUDAS TRANSPORTE UNIVERSITARIO PERÍODO SETEMBRO 2023-XUÑO 2024**

.- Vista a proposta formulada que di así:

Visto o informe-proposta cuxa literalidade se transcribe a continuación:

“

#### **INFORME – PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO PARA A CONCELLEIRA DELEGADA DE COOPERACIÓN NO ENSINO E BIBLIOTECAS**

**ASUNTO:** Liquidación coa Universidade de A Coruña en materia de axudas para transporte universitario do período *setembro 2023-xuño 2024*. Curso académico 2023-2024.

## ANTECEDENTES:

*En data 13/07/2022, o Concello de Narón e a Universidade da Coruña asinan un convenio de colaboración en materia de transporte universitario de veciños/as de Narón aos centros da Universidade da Coruña, no Campus da Coruña, para os Cursos Académicos 2022-2023, 2023-2024, 2024-2025 e 2025-2026.*

*Mediante Resolución de Alcaldía de data 23/06/2023 (doc.SSO17IIN6) apróbanse as bases e a convocatoria correspondente para a bonificación do 50% do Bono-Bús Universitario, para o Curso Académico 2023-2024. Bases e convocatoria que foron publicadas no B.O.P. da Coruña núm.125, de 03/07/2023.*

*Rematado o Curso 2023-2024, procede a liquidación coa Universidade da Coruña, dos importes xustificados polo alumnado beneficiario das axudas, correspondentes ao período setembro 2023-xuño 2024.*

*Atendendo á Cláusula 7ª do convenio asinado entre o Concello de Narón e a Universidade da Coruña, ésta aportará o 30% do custe total do billete ou bono de transporte ao campus universitario, o Concello de Narón aportará o 20% e o alumnado aportará o 50% dos importes totais dos bonos ou billetes.*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS :

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común nas Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto 117/2023, de 21 de febreiro, polo que se establecen os umbrais de renda e patrimonio familiar e as contías das becas e axudas ao estudo par o curso 2023-2024.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións(LXS).
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións(RDXS).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Narón.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais.
- Bases municipais reguladoras da convocatoria.
- Informe xurídico da Xefa do servizo de Organización de data 19/05/2023. (ASII7I0GY).
- Convenio de colaboración entre a Universidade de A Coruña e o Concello de Narón.
- Bases de execución do orzamento en vigor.

*Finalizados os períodos xustificativos por parte do alumnado e, visto que no mes de setembro foi realizado por este Concello o pago do 50% das facturas xustificativas presentadas ao alumnado beneficiario, polo período setembro 2023-xuño 2024, de conformidade coa **cláusula 7ª** do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Narón e a Universidade de A Coruña, esta Xefatura do Servizo Sociocomunitario propón á Concelleira Delegada de Cooperación no Ensino e Bibliotecas (segundo Resolución da Alcaldía de*

22/06/2023), eleve **PROPOSTA** á Xunta de Goberno Local, para a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a liquidación á Universidade de A Coruña da porcentaxe correspondente ás facturas xustificativas presentadas polo alumnado, correspondente ao período **setembro 2023-xuño 2024** do Curso Académico 2023-2024, segundo os importes e períodos que se indican:

DNI/NIE	ALUMNADO BENEFICIARIO	SETEMBRO-DECEMBRO 2023 TOTAL XUSTIFICADO	XANEIRO-XUÑO 2024 TOTAL XUSTIFICADO	BONIFICACIÓN 50% SETEMBRO-DECEMBRO 2023	BONIFICACIÓN 50% XANEIRO-XUÑO 2024	TOTAL BONIFICADO SETEMBRO 2023-XUÑO 2024
	B. B. F. Z.A	50,60€	-----	25,30€	-----	25,30€
	B.B.H.	89,70€	-----	44,85€	-----	44,85€
	S.M.P.	39,10€	104,25€	19,55€	52,13€	71,68€

**TOTAL 141,83€**

CUSTE TOTAL DO SERVIZO (100%)	IMPORTE DO 50% DO ALUMNADO BECADO	IMPORTE DO 20% DO CONCELLO DE NARÓN	IMPORTE DO 30% DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA
283,66€	141,83€	56,73€	85,10€

A cantidade total do servizo é pois de **283,65€** da que lle corresponde aboar á Universidade de A Coruña **85,09€** (30% do prezo total das viaxes), cantidade esta que foi aboada anticipadamente polo Concello de Narón, e que a Universidade de A Coruña debe aboar ao Concello. A restante cantidade do custe do billete, o 50% (**141,83€**) foi aboada polos/as alumnos/alumnas no momento da retirada dos bonos, correspondendo ao Concello de Narón o 20% restante, por importe de **56,73€**.

**2.-** A Universidade da Coruña deberá realizar o ingreso desta liquidación (**56,73€**), nas arcas municipais no prazo de tres meses, contados a partir da notificación do acordo de aprobación da liquidación, tal e como se recolle na propia cláusula 7ª do citado convenio.

“

E unha vez fiscalizado de conformidade o informe transcrito pola Intervención municipal con data **04/10/2024** (ING18I04Z4), quen subscribe, Concelleira de Cooperación no Ensino e Bibliotecas (delegada por Resolución da Alcaldía de data 25/06/2019), **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** que acorde:

- Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

### **3.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.



V. e pr.

F\_FIRMA\_96

F\_FIRMA\_4